

## **Conxuro para chamar á Paz.**

Abracadula, Chachicumula  
homes e mulleres, nenos e nenas  
convocamos na nosa axuda  
a Paz para que rematen todas as penas.

Se todos queremos conseguir a Paz,  
armas e pistolas hai que quitar.  
Uns de alí, outros de alá,  
esteamos onde esteamos  
todos o temos que acadar.

Sempre querer, sempre amar  
nunca pegar, nunca chorar.  
Se xuntos queremos estar  
ningunha arma has usar.

Sabendo de certo que querer é poder  
e que para crear hai que crer,  
ésta é a receita da Paz que temos que conseguir:

Con humor, tolerancia e respecto  
facemos o primeiro cocemento.  
Logo un chisco de humildade  
e un pouquiño de amor  
para que fagan niño no corazón.

Agarimo, ledicia e solidariedade  
lograrán que ao compartir,  
a pobreza diminúa nun instante.

Coñecendo que todo isto  
debemos cultivalo no interior,  
decidimos construír un mundo mellor  
e, con valentía e firmeza  
proclamar aos catro ventos,

Que lindo é o amor!

Abracadula, Chachicumula  
homes e mulleres, nenos e nenas  
a hora é chegada, ¡Hora de algarada!

Con firmeza e seguridade  
axudemos á Humanidade.  
Seguide ben esta receita, e ...  
axiña Paz haberá na Terra!

Espallade coma a chuvia  
a mistura xa acabada:  
Un chisco abonda  
¡Non fai falla máis nada!

Un chisco para non ter fame,  
un chisco para calar o pranto  
un chisco para o mundo  
que precisa un bo manto.

Cun chisco un pouco máis grande,  
as balas non sairán,  
nun mundo sen guerras,  
laios non haberá.

Un chisco de amizade,  
un chisco de humildade,  
farán medrar na Terra o pan.  
Homes e mulleres, felicidade terán.

Comecemos a cerimonia,  
xuntade fortes as mans,  
repetide este conxuro  
e así a maxia funcionará.